

Eses lugares do eterno repouso	11
Cemiterio ou camposanto?	15
PROVINCIA DA CORUÑA	17
Santo Amaro dos mortos. A Coruña. Con Pura Tejelo	18
A lenda de santo Amaro navegante. Paseo con Xurxo Souto	28
O campo semántico do camposanto	34
San Pedro de Leixa e Serantes (Ferrol). Con Araceli Collado	36
Nun lugar indeterminado de Cedeira está Leslie Howard	45
Cemiterio vello de Pontedeume	46
Nome coñecido, tumba descoñecida	52
Cemiterio protestante de Ares	57
Cemiterio protestante da Catuxa (Arteixo). Con Xabier Maceiras	63
Betanzos. Con Ángel Arcay e Xesús Fraga	69
Cacahuetes para os leprosos	77
As almiñas	79
Sofán, Carballo. Con Verónica Ramilo	82
Santa Cristina e Santaia de Liáns, Oleiros	87
Carnota e Lira	92
Cemiterio Corme Porto	95
Corcoesto. Cabana de Bergantiños	101
Cemiterio Modernista. Caamouco	105
As mans da enterradora	110
Muxía. Con Viki Rivadulla	115
Dúas historias (unha mala e outra peor) en Carral	122
Toribio. <i>Dressed to kill?</i>	126

O cemiterio perdido de Arou	127
Compostela, o grande enterramento fundacional	132
Boisaca. Con Carmela Sánchez Arines	136
V.O.T.	142
Conxo	146
Cemiterio de Adina. Iria-Flavia. Padrón.....	149
Carme Toba e a apicultura ancestral	153
Ela tamén está soa	158
Santa María a Nova de Noia. Con Patricia Torrado Queiruga	159
PROVINCIA DE LUGO	167
Cemiterios indianos de Oourol	168
O crime da Legua Dereita	174
Os nomes	178
Mondoñedo Vello.....	180
Un cemiterio minúsculo, outro destruído e outro máis medieval	185
Monforte e A Pobra do Brollón. Con Olga Novo.....	189
Alpendres, alboios, casetos (e unha autopsia expreso)	197
Os cemiterios neogóticos de Vilalba	198
Unha torre misteriosa e un aparecido en Roupar (Xermade)	209
Cousas veredes. En Palas de Rei	210
A Monterroso, mercar un repolo	216
O cemiterio e a neve	221
Caveiras á vista. Catro igrexas da provincia de Lugo para unha ducia de sorrisos eternos	224
Un cemiterio para un só home	233
Flores de pedra, flores de plástico, flores das de verdade	235
San Froilán. Lugo.....	239
Cemiterio de San Xoán. Outeiro de Rei	251
PROVINCIA DE OURENSE	253
Allariz. Cemiterio de Arriba e de Abaixo.....	258
A nena na lata de té verde.....	262
Xogar no medio da morte	267
Unha paradiña na Gudiña	268

Viana do Bolo	270
Cea e Santa María de Oseira	274
Castrelo de Miño	278
A de Boán. Cemiterio de Ribadavia	282
Señora de Señorín. O Carballiño. Con Miguel Anxo Fernández	288
Unhas vacas, dúas bestas de pedra e unha mesa branca en Santa María de Melón.....	294
Castro Caldelas, a prima de Risco e un osario	297
Acrónimos	303
Parada de Sil	305
Santo Estevo de Ribas de Sil.....	308
San Francisco de Ourense	311
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	321
Cemiterio de Pereiró. Vigo. Con Isabel Blanco.....	322
<i>El Pollo Varela. De portada de todos os xornais do estado a tumba esquecida</i>	329
Cemiterio de Teis. Vigo. Con María Álvarez Landesa.....	330
Vilagarcía. Con Andrea Fernández Maneiro (e dalgún xeito con Marcos Calveiro)	338
As gabias de párvulos	346
Cemiterio do Porriño. Con Diego Giráldez	348
Cemiterios nas illas. Ons. Con Míriam Ferradáns.....	354
Unha voltiña polo Cuntis do baño, os arxinas e as catacumbas	361
Unha paradiña en Caldas para escoitar historias.....	371
Xogar no adro	375
San Mauro de Pontevedra e o sepultureiro de calcetíns vermellos	376
Os Eidos, Redondela. O cemiterio máis bonito do Estado.....	385
As mans no contexto fúnebre	390
Mondariz-Balneario	393
Lalín, de Maior a Menor	396
O loito	402
Santa Mariña de Dozo. Cambados	403
Epílogo. Por Diego Seoane Casás	409
Unhas palabras finais	411
Bibliografía	413

Trátase de arrodea-la morte, pois a morte é impenetrable.

Domingo García Sabell

*Cuspídemme enriba cando pasedes
por diante do lugar onde eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.*

Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995*

Cando cumprín os dezaioito a miña avoa paterna regaloume un oco.

Un oco, só iso, un furado de formigón, un burato negro na parte nova do cemiterio da aldea na que naceu meu pai e onde se atopan, en liña de a catro e pauta dobre os oito nichos do panteón Pedreira; unha terrible boca aberta que chamará por min algún día. Non me arrepía, só me intriga. Ata me fai graza. O meu pensamento é práctico: que máis dá o que fagan comigo se eu xa non estarei aquí?

Para unha muller como a miña avoa, agasallar ese negro baleiro era tanto ou máis que pagarme a carreira universitaria: asegurar o meu futuro. O futuro futuro, o para sempre, a lanzadeira ao alén, ter un lugar onde encaixar os meus tecidos brandos para que amolezan aínda máis. E eu río sempre pensando naquela escena de Hamlet onde coa caveira de Yorick na man volve imaxinar onde estaban aqueles labios burlóns e bicables. Escarállome pensando na miña caveira na que destacarían os únicos dous dentes bos de toda a miña dentamía, seguro que algún implante e a miña prótese de columna facendo, cruzada como dúas tibias, a Jolly Roger.

Teríame gustado máis que me pagase unha viaxe a algún lugar de Europa, pero a avoa investiu unha boa pasta en procurarme a eternidade no lado da Epístola no cemiterio parroquial de Santa María de Cutián.

ESES LUGARES DO ETERNO REPOUSO

Releo aquel poema epitafio de Lois Pereiro e penso que aínda non visitei a súa tumba. Eu, a mitómana, a que chouta entre as campas buscando por unha banda os nomes coñecidos e por outra as historias anónimas, declaro que son metade feliz e metade presa da angustia nos cemiterios. Unha sensación entre nauseabunda e nostálgica que se me xunta na boca do estómago. Non podo evitar que me repelan e atraian ao mesmo tempo os cemiterios e que non sexa quen de acompañar un cortexo fúnebre despedindo un ser querido pero si de ler con degoro todas as lápidas de todas as tumbas de todos os cemiterios do mundo.

Visitei cemiterios por todos os lugares nos que andei. Cemiterios xudeus e cristiáns, militares e laicos, dun e doutro bando da batalla das Ardenas, cemiterios abandonados e nunca estreados coas foxas abertas como olivas sen óso (perdón polo humor negro). Necrópoles romanas, celtas, camposantos de mascotas e de automóviles. En Italia, Portugal, Inglaterra, Alemaña, Irlanda, México... Lugares que só son iso, un conxunto de tumbas a moitos pasos da igrexa que consagra as almas antes de botar os corpos a terra.

Tamén fun a mitómana que estampou un bico no metacrilato que impide os bicos na sepultura de Oscar Wilde. Era a época pre-covid,

enténdaseme ben, e un bico ben o merece alguén que dixo que “perder un pai é unha desgraza, perder os dous empeza a parecer un despiste”.

Non sei que busco neles, pero de sempre teño memoria de min paseando entre tumbas e lendo nomes, axexando fotografías en branco e negro e aprendendo co tacto que o branco é a cor que máis me gusta para as lápidas e a escultura fúnebre a miña arte favorita.

De nena iamós unha vez por semana ao cemiterio coruñés de Santo Amaro levar flores se viña un sábado solleiro e a trafega de escadas de aluminio, de flores murchas e frescas e as inevitables botellas de deterxente recicladas para ir á billa, acendían a rutina *post mortem* da atafegada xente viva.

Puña un pé diante do outro para pasar polo oquiño libre entre a tumba de Pondal e a seguinte. Eu naquel momento non sabía quen era Pondal pero si que nos ensinaron unha certa prudencia tishada de heroísmo diante da campa do heroe Juanito Darriba, nadador de once anos que salvou unha muller de morrer nas augas do Orzán perdendo el a vida a cambio.

A poucos metros do bardo e do neno heroe tiñamos un nicho familiar. Rematada a concesión, o pouco que quedaba do meu bisavó paterno tiña que ser movido para o panteón da aldea; ao abrir os restos do cadaleito atoparon o seu corpo reseco e lixeiro como un cartón vello e que o encartaran así, como se fose unha cartolina envolta nunha tea enxoiada resultaba o máis natural. E así tamén vin con naturalidade as fotos dos ósos e das caveiras que quedaban desbotadas nun osario vello que se abrira ao facer o paseo marítimo. Atendín todas as historias de almas en pena, de perdas e de mágoa pero tamén de consolo e quietude.

Que fai que che guste tanto camiñar polos cemiterios? preguntoume tanta xente tantas veces. E eu respondo sempre que hai todo un mundo que se nos conta alí dentro. Cóntaselle só a quen quere

escoitar, claro, por iso son lugares de silencio. Un cemiterio é coma un libro de arte, como unha banda deseñada antiga, como un álbum ilustrado; podes ler e mirar ou só quedar co texto. Ou cos santos.

O camposanto conta a nosa historia pero tamén a nosa relación coa morte, as esperanzas que temos no alén, se é que o hai, e como despedimos os nosos seres queridos. E tamén hai arte, hai escultura, hai poesía, historia, antropoloxía, crónica de sucesos e, por suposto, un desexo de arredar todo isto de nós aínda que sexa inevitable.

Cústame como celebramos os nosos rituais fúnebres e observo como as cidades foron uniformándoo todo nunha asepsia que se cadra fai que todo doa un pouco menos pero na que imos tamén perdendo parte da nosa esencia.

Os velorios fóra da casa, en lugares axeitados pero impersoais, con cámara frigorífica, manteñen a derradeira calma do rostro e a suavidade das flores das coroas pero volveu insípido ese potente olor dos nardos, o pole tiznador dos lirios que busca fecundar algo nun lugar onde xa non hai abellas.

Cada vez é menor o tempo de dicir adeus a quen marcha para sempre e adoita ser cun sonoro bico acaroadado á orella a familiares que escoitan frases que só neste contexto gardan o seu motivo: «síntoo», «acompañote» ou «non somos ninguén», á que puiden sumar hai pouco unha das miñas favoritas: «hoxe aquí e mañá noutra leira».

Doume conta a estas alturas de que teño unha casa a vinte pasos do camposanto de Santo Amaro e outra cun balcón orientado a poente que dá ao de Pontedeume. Iso crea un patrón de conduta bastante curioso. Ver como baixa o sol por tras do monte de Bremao tráeme esa paz de cemiterio e, ás veces, quedo prendida no noctambulismo por ver se teño a fortuna de cazar un fogo fatuo, ese chispazo do fósforo e os nitratos a mesturarse na terra e que nos lembra que aínda non sendo, somos enerxía.

Se cadra esa atracción polos lugares do último repouso é para min tan difícil de explicar como a necesidade deste libro. Se cadra atopo en ambas escollas a quenenza pola reflexión e as preguntas.

Os cemiterios son un reloxo que fai tictac acompañándonos o corazón e que non podemos deixar de consultar a cada pouco, que nos lanza o tempo pasado cun *carpe diem* pero que tratamos de atrasar e non se deixa, de frealo un pouco para que non avance ata a nosa extinción.

Estes non son todos os cemiterios polos que pasei na busca de non sei que, son só algúns. Dos máis de catro mil fogares da morte galegos, eu visitei a fondo menos dun dez por cento e só por falta de días e de medios de transporte. Os que escolmo neste libro están aquí por algo que saciou ou que acendeu a miña curiosidade: un nome, unha falta de ortografía, unha lenda, unha flor. Faltan moitos e moi importantes pero cada escolma é unha escolla e cada escolla unha inxustiza. Hai moitos máis da provincia da Coruña ca de Ourense e iso ten que ver coas terribles comunicacións que hai entre todos os puntos cardinais do noso país. Lugares aos que devezos por ir quedan para vindeiras aventuras e agradezo a quen me levou, achegou, descubriu e contou. A todas as voces que se me xuntaron nesta aventura que, entre vivas e mortas, son un bo feixe.

CEMITERIO OU CAMPOSANTO?

Usamos as dúas expresións –e mesmo xuntamos unha terceira, necrópole– para referirnos ao lugar onde soterrarmos a xente que morre. Aínda que os dicionarios nolas entreguen como sinónimos, nun principio tiñan acepcións ben diferenciadas. Por unha banda o cemiterio referíase aos enterramentos feitos dentro das igrexas, no chan ou nos muros, e cuxa situación dependía do moito carto que se doase á igrexa para estar máis cerca do altar, en primeira liña para o día da resurrección. Así, os persoeiros adoitaban estar nas capelas laterais, en tumbas de distinción, incrustados en arcosolios, ben acomodados para escoitar as liturxias. No lado do evanxeo os máis importantes (os homes) e da epístola as mulleres ou as personalidades un chisquiño máis... como dicilo? Secundarias?

As persoas que non tiñan pase directo a primeira clase soterrábanse no chan, normalmente en vertical e tapadas por unha laxe de lousa doada de abrir para facer novos enterramentos ou remover os que xa fixera desaparecer o tempo (e a memoria). Coas normas hixienistas da época ilustrada e polo temor a contaxiar doenzas transmitidas polos efluvios emanados polas reñañas dos enterramentos, e tamén pola falta de espazos, comezouse a enterrar a xente no adro e arredores das igrexas e templos. Todo era terreo

consagrado así que isto seguía sendo un cemiterio.

O camposanto chegou coas ampliacións. Non hai que explicar que a xente seguía morrendo e os espazos do interior das igrexas estaban construídos a perpetuidade, así que os corpos de defuntas e defuntos foron soterrándose no exterior. Aínda así, os terreos quedaban pequenos para tantos corpos mortos século tras século polo que a igrexa anexionaba terreos, fóra xa da sombra física do edificio da igrexa e bendicíaos para seguir soterrando. Isto son os camposantos. Polo xeral, recintos amurallados fóra da igrexa pero destinados a enterramentos cristiáns.

Co tempo, as sucesivas ampliacións, as clausuras dos que xa estaban completos e a apertura de novos recintos, as palabras “camposanto” e “cemiterio” tomaron o mesmo uso e pasaron a considerarse o mesmo: necrópoles, cidades dos mortos.

Un caso curioso de como os usos dos cemiterios e camposantos mudan é o de Goente, no concello das Pontes. No lugar de Igrexa, parroquia de Goente, atopamos a de San Martiño. Todo normal. Unha igrexa cun grande adro que, pola súa disposición e bancos, entendemos que se usa como torreiro nos días de festa. E non hai camposanto? Depende.

Desde a estrada non chama a atención ese terreo acoutado por muro de cachotería cheo de hortensias e un hórreo. Pero hai unha cousa que nos fai deter o coche e volver cara atrás. Por riba do muro, non moi alto, asoman dúas cruces brancas de mármore. Quietoparao. Se nos fixamos, o muro ábrese a continuación da igrexa e está custodiado por unha cruz de pedra e catro curutos como os de calquera camposanto. Neste, de pouco máis de vinte metros cadrados, alguén cambiou o uso e quedou anexo a unha casa con finca; de feito é difícil saber como entender os marcos e se o hórreo está na finca ou no cemiterio. O que está claro é que a pesar das hortensias, do carreiriño que o cruza e que remata nunha escaleiriña con macetas do veciño, cuxos aveños toman parte do cemiterio, aquí houbo enterramentos ata hai pouco, xa que á dereita da porta de entrada podemos ver varias cruces fermosísimas, arrombadas como entullo, onde podemos ver 1961 como última data de enterramento.

